

ADAPTACIÓNS 3º TRIMESTRE CURSO 2019/20_ORDE EFP/365/2020

Centro: Conservatorio profesional municipal “Mestre Ibáñez”

Localidade: Monforte de Lemos (Lugo)

Departamento: Composición

Xefe de departamento: Maria Dominguez Pereira

Asignatura: Análise

Curso: quinto grao profesional.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

Criterios:

1. Identificar mediante a análise de diferentes obras de distintas épocas, os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala (a pequena forma).
2. Identificar a través da análise de obras de diferentes épocas da música occidental os elementos, procedementos e niveis estruturais que configuran a forma a gran escala (a gran forma).
3. Contestar e resolver correctamente as actividades deseñadas no tempo establecido.
4. Identificar a través da análise de obras os elementos do análise armónico-cadencial

MÍNIMOS ESIXIBLES:

1. O alumno debe estar en disposición de poder analizar, de xeito autónomo, unha forma binaria ou ternaria.
2. Identificar os trazos característicos de cada estilo e época (Idade Media, Renacemento, Barroco) e saber diferenciar uns dos outros.
3. O alumno debe estar capacitado para analizar con corrección a fuga, coral e danzas da suite.
4. O alumno debe dominar a identificación dos aspectos armónicos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma, incluídas nos criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e instrumentos de avaliación establecidos na presente programación; valoraranse os distintos criterios coa seguinte ponderación, sempre e cando non se minore a cualificación da 2ª avaliación:

- cualificación obtida nas anteriores avaliacións.....50%
- traballos realizados e consecución dos obxectivos propostos.....40%
- Actitude e participación nas clases online.....10%

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que

será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

A cualificación desta proba será de 1 a 10, sendo necesario acadar unha puntuación igual ou superior ao 5.

-Realización do análise dunha obra no tempo establecido de dúas horas.

- Análise harmónico: 30%.
- Análise estrutural-formal: 50%.
- Análise estilístico: 20%.

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

*Neste caso concreto (5º G.P.) non procede establecer a avaliación de materias pendentes.

PROCEDIMIENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación có alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

ACTIVIDADES E ENFOQUE METODOLÓXICO

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e a superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

- Enviaránse por correo electrónico os exercicios propostos e devolveránse polo mesmo medio para a súa corrección.
- Unha vez á semana, realizarase unha videochamada colectiva para resolver dúbidas . Así mesmo, tamén pódense facer consultas por correo electrónico e mesmo videochamada individual se fose necesario.

RECURSOS E MATERIAIS

Tanto os alumnos como a profesora desta materia, contan con ordenador/tablet ou teléfono móbil , escáner para recepción e envío de tarefas. Partituras dadas en formato pdf para a súa realización, lápiz e goma.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada titor/a ou docente informará ao seu alumnado e familias da presente

adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

ADAPTACIÓNS 3º TRIMESTRE CURSO 2019/20_ORDE EFP/365/2020

Centro: Conservatorio profesional municipal “Mestre Ibáñez”

Localidade: Monforte de Lemos (Lugo)

Departamento: Composición

Xefe de departamento: Maria Domínguez Pereira

Asignatura: Análise

Curso :Sexto grao profesional

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

Criterios:

1. Identificar a través da análise de obras os elementos morfolóxicos das distintas épocas da linguaxe musical occidental.
2. Identificar mediante a análise de diferentes obras de distintas épocas, os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala (a pequena forma).
3. Identificar a través da análise de obras de diferentes épocas da música occidental os elementos, procedementos e niveis estruturais que configuran a forma a gran escala (a gran forma).
4. Contestar e resolver correctamente as actividades deseñadas no tempo establecido.
5. Ser participativo e colaborar cos compañeiros na creación dun clima de

traballo que favoreza a aprendizaxe.

6. Expoñer as ideas con claridade e utilizar o vocabulario específico do tema.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

1. O alumno debe estar en disposición de poder analizar, de xeito autónomo, unha forma binaria ou ternaria.

2. Identificar os trazos característicos de cada estilo e época (Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Postromanticismo) e saber diferenciar uns dos outros.

3.O alumno debe estar capacitado para analizar con corrección as formas sonata, lied e rondó

4.· Recoñecer cada unha das aparicións do tema do rondó e ser capaz de relacionar a estrutura da forma sonata, coa do rondó-sonata.

.5. Recoñecer os elementos e recursos estilísticos propios do Clasicismo.

6. Relacionar o texto e a súa musicalización no lied.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma, incluídas nos criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e instrumentos de avaliación establecidos na presente programación; valoraranse os distintos criterios coa seguinte ponderación,

sempre e cando non se minore a cualificación da 2ª avaliación:

calificación obtida nas anteriores avaliacións.....	50%
traballos realizados e consecución dos obxectivos propostos.....	40%
_ Actitude e participación nas clases online.....	10%

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

A cualificación desta proba será de 1 a 10, sendo necesario acadar unha puntuación igual ou superior ao 5.

-Realización do análise dunha obra no tempo establecido de dúas horas.

- Análise harmónico: 30%.
- Análise estrutural-formal: 50%.
- Análise estilístico: 20%.

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

MATERIAS TEÓRICAS:

Avaliarase e cualificarase ao alumnado coa presente modificación da programación didáctica do curso anterior (5º grao profesional , e 4º harmonía no caso dun alumno)

*En caso contrario establecerase o procedemento concreto có que se valorará ao alumnado (criterios de avaliación, mínimos esixibles, procedementos e ferramentas de avaliación e criterios de cualificación).

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación có alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación có alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

ACTIVIDADES E ENFOQUE METODOLÓXICO

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e a superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

- Enviaránse por correo electrónico os exercicios propostos e devolveránse polo mesmo medio para a súa corrección.
- Unha vez á semana, realizarase unha videochamada colectiva para resolver dúbidas . Así mesmo, tamén pódense facer consultas por correo electrónico e mesmo videochamada individual se fose necesario.

RECURSOS E MATERIAIS

*Definir en cada caso os materiais e recursos telemáticos con que contan tanto os docentes coma o alumnado (teléfono móbil, internet, webex, skype, correo electrónico etc....) así coma outros posibles recursos materiais.

Tanto os alumnos como a profesora desta materia, contan con ordenador/tablet ou teléfono móbil , escáner para recepción e envío de tarefas. Partituras dadas en formato pdf para a súa realización, lápiz e goma.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada titor/a ou docente informará ao seu alumnado e familias da presente adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente